

Tema 4. A metafísica. Parte II.

3. O problema dos universais.

A filosofía de Aristóteles asentou as bases para boa parte da reflexión metafísica posterior. Especial relevancia xogou o concepto de “**esencia**”, sendo central nos debates mantidos dende a Idade Media e que, nalgúns casos, perduran ata os nosos días. Lembra que, por **esencia**, entendemos aquilo que define o que é un obxecto, aquilo que o fai pertencer a unha especie ou xénero concreto: en “Xulio é un ser humano”, o que define a Xulio é a súa “humanidade”. A gran pregunta ao respecto das esencia (ou **universais**) é se estas existen ou non, e de existir, se o fan á marxe da nosa mente. Dependendo de como respondamos a esta pregunta atoparemos varias solucións ao coñecido como **problema dos universais**:

- **Realismo absoluto**: presente xa en Platón, mestre de Aristóteles. Para o ateniense as ideas (que son o verdadeiro ser das cousas) existen nunha realidade distinta da sensible que se denomina ideal ou intelixible.
- **Realismo moderado**: a postura de Aristóteles, tamén coñecida como esencialismo e que xa estudamos en temas anteriores. As esencia ou universais existen nas cousas concretas e particulares e só as podemos separar da súa materia dentro da nosa mente, a través do proceso de abstracción. A súa existencia é a que fai que os nosos conceptos sexan verdadeiros: o concepto de “árbore” que está na miña mente é verdadeiro porque se corresponde coa **esencia** de árbore, é dicir, a esencia e o concepto se **adecúan**. O filósofo cristián e seguidor de Aristóteles, Tomás de Aquino, sería o máximo representante desta postura sobre os universais.
- **Conceptualismo**: defendido polo pensador medieval Pedro Agbelardo. Os universais **son conceptos**, non existen na realidade, só na nosa mente.
- **Nominalismo**: postura que tamén estudamos no Tema 2, sendo Guillerme de Ockham o seu máis coñecido representante. Para este autor **só existen os individuos concretos, os cales coñecemos a través da experiencia**. Aquilo que denominamos “universal”, por exemplo o termo “humanidade”, non é máis que una palabra que empregamos para referirnos a un conxunto de individuos que gardan algún tipo de semellanza entre si. Non é, pois, necesario “multiplicar os seres sen necesidade”, é dicir, que para dar conta dos individuos da natureza non é necesario ir máis aló deles mesmos, como individuos concretos. Esta última idea será coñecida posteriormente como “**a navalla de Ockham**” e reformularase como segue: **dadas dúas explicacións sobre o mesmo é sempre máis racional escoller a máis sinxela**.

4. A existencia de Deus.

A natureza da razón humana fainos ir máis aló da metafórica illa do coñecemento seguro á que nos referimos en apartados anteriores. Tendemos a facernos preguntas que aínda non fomos quen de resolver de forma convincente e, sen dúbida, dentro destas preguntas, descata aquela que humanidade se leva formulando dende os seus inicios: **existe Deus?** A relixión respondeu a isto de xeitos diversos atendendo ás particularidades históricas, sociais e culturais dos distintos grupos humano, nacente así cultos distintos por todo o mundo: politetistas, monoteístas, mesiánicos, animistas, etc. Con todo, a nós interésanos máis a perspectiva filosófica á hora de abordar esta pregunta.

Xa en Aristóteles podemos atopar unha demostración da existencia de deus dende a filosofía, pero un deus que nada ten que ver coa divindade xudeo-cristiana propia da nosa tradición. Para Aristóteles ese deus é un **“primeiro motor”**, causa de todo movemento pero inmóbil ao mesmo tempo. **Todo cambio debe ter unha orixe, polo que o principio deste non debe cambiar, debe pois ser inmóbil, xa que de moverse non sería máis que un eslabón máis da cadea de motores e móbiles.** Posteriormente a teoloxía cristiana empregará este argumento para demostrar a existencia do Deus da relixión. O cristianismo beberá especialmente da filosofía platónica, inspirándose no seu dualismo, na primacía do ideal e do espiritual sobre o corpóreo, etc.

A continuación imos expoñer algúns dos argumentos racionais que se deron ao longo da historia do pensamento para xustificar (ou negar) a existencia de Deus:

4.1. Argumento do designio.

O universo é un todo ordenado e harmónico, onde todo o que existe ten unha función concreta. O cosmos é como se dun gran reloxo se tratase. Todas as “pezas” obedecen a un designio ou propósito concreto, un deseño demasiado complexo para ser obra de seres continxentes coma nós. Así, o deseñador da natureza debe ser un individuo extraordinariamente poderoso e intelixente: é dicir, Deus.

Hoxe en día a ciencia é quen de explicar a complexidade da natureza, grandes figuras como Darwin, coa súa teoría da evolución, permitiron comprender sen recorrer en ningún caso á divindade como as distintas especies animais foron cambiando ata o que son a día de hoxe, demostrando como as mutacións máis idóneas son as que sobreviven a través dun proceso de selección natural. Non refuta a idea de que Deus existe, pero sí de que este sexa necesario para explicar a complexidade do mundo natural.

Outra das críticas pasa por expoñer as imperfeccións da suposta creación divina: se Deus é todopoderoso e bondadoso, por que creou un mundo imperfecto? A isto responderon filósofos como Gottfried Leibniz, defendendo que o imperfecto e malo que existe no mundo é necesario para garantir un ben maior: se non existise o sufrimento alleo, non existiría a solidariedade, por exemplo.

O noso mundo é, en definitiva, **o mellor dos mundos posibles**.

4.2. O argumento cosmolóxico.

Tomado de Aristóteles: **se todo é efecto dunha causa, esta causa é á súa vez efecto doutra causa anterior, e así sucesivamente**. Cal é, entón, o principio do movemento, do cambio e mesmo da existencia dos seres que forman parte do mundo? Debe haber unha causa primeira “incausada”, é dicir, que non sexa efecto de ningunha causa anterior: dita causa é Deus.

A principal crítica a este argumento é que, se todo o que existe ten unha causa, Deus tamén debe dela, pero se dicimos que non a ten, entón estamos a caer nunha contradición. Hume tamén criticaría este argumento a partir do denominado “problema da indución”: a suposta relación entre a causa e o efecto só pode coñecerse *a posteriori*, é dicir, a partir da experiencia, polo que asumir o enunciado universal de que “toda é efecto dunha causa previa” carecería de xustificación.

4.3. O argumento ontolóxico.

Trátase dun argumento *a priori*, é dicir, á marxe da experiencia. A súa máis famosa formulación pertence ao pensador medieval San Anselmo de Canterbury, a cal segue este esquema:

1. Todos temos a idea de Deus na nosa mente, creamos ou non creamos nel.
2. Segundo esta idea, Deus é o ser máis perfecto que pode ser pensado.
3. Pero se é o ser máis perfecto que pode ser pensado debe existir tamén fóra da nosa mente, na realidade, xa que se pensásemos que non existe, xa non estaríamos a pensar no ser máis perfecto, pois poderíamos pensar nun ser máis perfecto: o que existe na nosa mente e fóra da mesma. Caeríamos así nunha contradición con 1 e 2.
4. Polo tanto, Deus **existe non só na nosa mente, senón tamén fóra dela, na realidade**.

A obxección máis coñecida a este argumento é a de que non se pode derivar a existencia real da existencia mental, é dicir, **non se pode xustificar a existencia da realidade a partir dunha idea que se atopa na nosa mente**.

Outra das refutacións máis relevantes foi a de Kant, o cal afirma que a existencia non engade ningunha característica ao concepto. O concepto de Deus como ser perfecto non inclúe como característica a existencia, da mesma forma que o concepto de minotauro como ser metade home e metade cabalo é o mesmo existan ou non os minotauros. **Non é contradictorio pensar no concepto de Deus como ser perfecto e que non exista**, porque existir non é unha perfección, é dicir, a existencia **non está incluída no concepto de ser perfecto, xa que non está incluída en ningún concepto**.

4.4. O problema do mal.

Este foi un dos principais argumentos empregados para criticar a existencia de Deus. O mal existe no mundo, froito tanto do ser humano como da propia natureza. Deus é un ser perfecto, infinitamente bo, omnisciente e onnipotente, pero se **Deus non pode prever que o mal ocorra, non é omnisciente; se o permite non é bo; se non pode impedilo, non é onnipotente.**